



LINGÜÍSTICA HISTÓRICA  
E DIALECTOLÓXIA:  
COORDENADAS DO CAMBIO  
LINGÜÍSTICO

Ricardo Rodríguez Guerra

MONOGRAFÍAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO.  
HUMANIDADES E CIENCIAS XURÍDICO-SOCIAIS, 114

LINGÜÍSTICA histórica e dialectoloxía: coordenadas do cambio lingüístico/  
Alexandre Rodríguez Guerra, editor

Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 2016  
330 p.; 17X24 cm. – (Monografías da Universidade de Vigo. Humanidades e  
ciencias xurídico-sociais; 114)

D. L. VG 735-2016 - ISBN 978-84-8158-728-9

1. Lingüística histórica 2. Dialectoloxía 3. Galego (Lingua) 4. Linguas romances I.  
Universidade de Vigo. Servizo de Publicacións, ed. II. Rodríguez Guerra, Alexandre.

81-112

81'28

Edición

Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo  
Edificio da Biblioteca Central  
Campus de Vigo  
36310 Vigo

- © Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2016
- © Da edición: Alexandre Rodríguez Guerra
- © Dos textos: os autores

ISBN: 978-84-8158-728-9

D.L.: VG 735-2016

Impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

*Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluídos fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso escrito do Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.*

<b>LIMIAR</b> .....	9
<b>ABREVIATURAS</b> .....	13
<b>CAPÍTULO I</b> .....	15
A VARIACIÓN LINGÜÍSTICA NO TEMPO E NO ESPAZO	
<i>Variación lingüística, dialectoloxía e gramática histórica: algúns problemas do cambio lingüístico en galego e portugués</i> .....	17
<i>A xeolingüística e o estudo da historia das linguas</i> .....	35
<b>CAPÍTULO II</b> .....	53
A VARIACIÓN FONÉTICA, SINTÁCTICA E ESCRIPTOLOXÍA	
<i>A dialectoloxía valega na lingüística histórica galega</i> .....	55
<i>O ditongo [oj] e as súas variantes na lingua medieval.</i>	
<i>Intento de caracterización dialectal</i> .....	65
<i>Por que unha escriptoloxía da lingua galega hoxe?</i> .....	83
<b>CAPÍTULO III</b> .....	95
A VARIACIÓN MORFOLÓXICA	
<i>Diacronía e diatopía. Achega á variación morfolóxica no diminutivo en galego</i> .....	97
<i>Notas sobre variación lingüística dalgunhas formas verbais de pretérito nas cantigas galego-portuguesas (aver, fazer, pøer, querer)</i> .....	119
<i>Traxectoria histórica dos resultados galegos do sufixo número-persoal latino -TE (P5 do imperativo)</i> .....	139
<i>A terminación da P5 -ndes</i> .....	163
<i>Notas de morfoloxía verbal</i> .....	179
<b>CAPÍTULO IV</b> .....	195
A VARIACIÓN LÉXICA	
<i>A que responden os nomes das plantas? Algunhas denominacións románicas da Centaurea cyanus</i> .....	197
<i>Pulpo e polbo. Voces motivadoras dunha fugaz controversia coas coordenadas diatópica e diacrónica como pano de fondo</i> .....	213
<b>CAPÍTULO V</b> .....	237
A ECDÓTICA E A DIALECTOLOXÍA	
<i>A información dialectal nos cancioneros galegos oitocentistas: a importancia de Pérez Ballesteros e de Saco Arce</i> .....	239
<i>A Crónica dos ministros gerais da Ordem dos Fraires Menores (BN 94 IL) e o seu antígrafo galego</i> .....	273
<b>BIBLIOGRAFÍA</b> .....	299

# Notas sobre variación lingüística dalgunhas formas verbais de pretérito nas cantigas galego-portuguesas (*aver, fazer, pøer, querer*)\*

Manuel Ferreiro  
(Grupo ILLA–Universidade da Coruña)

Unha lingua literaria que se estende por un período cronolóxico de 150 anos, que abranxe xéneros diferentes, territorios diversos e máis de cento cincuenta autores, de nacionalidades varias, presenta inevitabelmente un grao de variación importante. Por máis que os cancioneiros representen “antoloxías” que sufreron un proceso nivelador, e aínda tendo en conta que o trobadorismo galego-portugués se expresa nunha “lingua de escola”, a realidade lingüística das cantigas mostra unha variedade a que tampouco non é allea o carácter dos manuscritos que transmiten os textos, os copistas implicados ou, como parece lóxico, a cronoloxía dos autores das cantigas<sup>1</sup>.

## 1. AS FORMAS DE PRETÉRITO DO VERBO AVER NAS CANTIGAS

A evolución xeral das formas de pretérito do verbo latino HABĒRE deu como resultado común, hoxe universal, a raíz *houv-/houb-* nos territorios lingüisticamente galego-portugueses (véx. Williams 1975: §93.1B, §167.3, §186.5; Ferreiro 1999: §54a, §181, §114c, §209c etc.).

---

\* Este traballo inscríbese no proxecto de investigación *Glosario crítico da poesía medieval galego-portuguesa. III. Edición crítica dixital das cantigas de amor* (FFI2015-63523-P), subsidiado polo “Ministerio de Economía y Competitividad”, a través da “Subdirección General de Proyectos de Investigación”.

1 Para as referencias ás cantigas da poesía profana, utilizamos o sistema de Jean Marie D’Heur (1975: 10-93), coas correccións achegadas por Montero Santalla (2000: 55-101), xunto coa numeración do *Repertorio metrico* de Tavani (1967), seguido do nome abreviado do trobador, tamén establecido polo mesmo estudoso, e das referencias convencionais dos manuscritos; nas referencias breves é utilizada simplemente a numeración d’heuriana seguida do número de verso (ás veces seguida da referencia aos manuscritos). Os criterios de edición utilizados son os propostos en Ferreiro/Martínez Pereiro/Tato Fontaiña (2007).

Para a lectura dos manuscritos, servímonos das edicións facsimilares dos cancioneiros: A, B e V.

Ora ben, ao longo dos textos medievais pode rastrexarse a existencia de resultados diverxentes e/ou alternativos nos tempos de pretérito. Con efecto, na evolución destas formas verbais asistimos á presenza inicial, nos primeiros séculos da escrita, dun resultado minoritario no territorio lingüístico galego-portugués, cal é a desaparición (en contacto con vogal palatal) de /β/ intervocálico, procedente de <-B-, -U->. Este carácter minoritario deriva do feito de que tal evolución só se consolidou nalgúns trazos morfolóxicos (como a desinencia dos copretéritos da segunda e terceira conxugación), na evolución do sufixo -ĪUUM (RIUUM > *río*) e mais nalgúns voces concretas: BOUEM > *boi*, CAUEOLAM > *gaiola*, FOUEUM > *fojo* (> *foxo*), HABEAM > *haja* (> *haxa*), IBI > *i...* (Ferreiro 1999: 113-114, §54c)<sup>2</sup>.

É obvio que todas as formas destes tempos de pretérito (HABUI, HABUERAM, HABUISSEM, HABUERO) tiveron de sufrir inicialmente unha metátese do wau presente entre a raíz e a desinencia, tal como acontece con outros pretéritos fortes de estrutura similar: \*CAPUI (*capere*), IACUI (*iacere*), PLACUI (*placere*), \*SAPUI (*sapere*), \*TRAXUI (\**tragere*, lat. cl. *trahere*), fronte a POSUI (*ponere*) e, parcialmente, de POTUI (\**potere*, lat. cl. *posse*)<sup>3</sup>; se partimos, a efectos de exemplificación, da forma de antepretérito HABUERAM, o resultado *houvera* cumpre con todas as condicións evolutivas esperábeis, en principio, no ámbito galego-portugués tendo en conta o xeral proceso de fricativización de -B- intervocálico (e posterior labiodentalización en territorios portugueses do sur) que se impuxo como solución maioritaria en lugar da súa desaparición como consoante sonora intervocálica. Porén, existe unha posibilidade evolutiva alternativa, pois, como xa apuntamos, o -B- intervocálico latino pode desaparecer nun proceso que non chegou a xeneralizarse mais que deixou bastantes resultados, algúns deles sistemáticos (véx. *supra*) a partir dun comportamento regular das oclusivas (simplificación de xeminadas, sonorización das xordas, desaparición das sonoras); isto é, certamente é posíbel (e real) a coexistencia, nos primeiros tempos do romance, das formas do tipo *houera* a carón do “xeral” *houvera*, así como a súa posterior evolución vocalicamente redutora, tal como foi clarificado e explicado hai xa décadas por Veiga para este tipo de secuencias vocálicas (1982 e 1986; véx. tamén Ferreiro 1999: §23b):

HABUERAM > ou[β]era > *ouera* > *oera*  
 HABUISSEM > ou[β]esse > *ouesse* > *oesse*  
 HABUERO > ou[β]er > *ouer* > *oer*

Do mesmo xeito tivo de acontecer na P1 e P3 do pretérito de indicativo, en que a secuencia presenta unha tonicidade diferente, o cal levaría finalmente a unha forma monotongada *oe* que non conseguimos rexistrar, probabelmente pola súa inexistencia nestas persoas, dada a confluencia cunha forma homónima da P3 de presente de indicativo de *oir*: HABUI > ou[β]i > *oui* ~ *oue*.

2 Na realidade, a evolución xeral das oclusivas bilabiais latinas resulta diverxente en comparanza coa evolución xeral das oclusivas dentais, perfectamente regular, e parcialmente tamén coa deriva das oclusivas velares.

3 E dialectalmente de VALUI, do verbo *valere*, que deu como resultado a raíz *voul-* nos tempos de pretérito, minoritarias hoxe no territorio galego fronte ás formas regularizadas.

Así, a partir dunha secuencia trivocálica [ow'ε] asistimos á redución do ditongo (> [o'ε]), tal como aconteceu noutras secuencias similares: AUDIRE > *ouir* > *oir*<sup>4</sup>. Ora ben, as mudanzas lingüísticas levan consigo a coexistencia de resultados nun mesmo período temporal, para alén da súa eventual especialización xeográfica (tal como hoxe acontece coas variantes *ouvir* (e *ouquir*) e *oir*, por exemplo, nos territorios galegófonos, aínda a conviviren coa variante máis conservadora *ouír* (véx. ALGa I, 2: 564-593)<sup>5</sup>.

Na produción medieval prosística do territorio galego só se rexistran ocorrencias coa raíz *ou-* nas formas de pretérito do verbo *haver* nos documentos tabeliónicos, mais non na prosa histórica ou literaria procedente do territorio galego, diferentemente do que acontece coa prosa elaborada no territorio portugués. Eis algúns testemuños da prosa documental recollida no TMILG<sup>6</sup>, con mostras desta raíz (inexistentes xa no s. XIV) nas formas de Pret. Ind.:

- (1) Primeiramente mando a mia mua τ a mia coçedra que llé en Monte Rey a Santa Maria de Monte de Ramo para a capela que eu y *oue* a ffaçer (doc. 1281).  
Mando a Maria Petrez para que ueftia (?) o afno que *oue* de Uilar d Auóós; τ fe o ñõ poder auer, per dereyto, darenlle quanto leuarẽ de Sancho Affenxo (doc. 1281).  
C mr. da guerra τ a ma azemella; τ efno mando pollo auer aleo que *oue* que ñõ fey feuf donof; τ fe y mayf ouer feya por mia alma (doc. 1290).  
Item mando a Ares d Alcantara o meu perpono, o meu lorigon, a ma gorgeyra τ cen mr. da guerra en dineyros polo que delef *oue* τ o meu capelo do fferro (doc. 1290).

Os testemuños de antepretérito de indicativo e de pretérito de subxuntivo son máis escasos. Velaí, entre outros, algúns exemplos:

- (2) Et os jurados et homes boos do conçello disseron que verdade era que o dito conçello *ouera* senpre bon amor et avinença con o dito cabidoo ata aqui (doc. 1389).  
os quaes foron Nuno d'Amoeyro e seus parentes e agora Lopo d'Amoeyro e seus yrmaaos

4 Evolución similar é a que explica a mudanza fonomorfolóxica, que non triunfou na lingua, da P3 de pretérito (especialmente da primeira conxugación) cando seguido de pronome persoal *o*, *a*, de que existen exemplos abondosos na produción medieval e esporádicos na poesía trobadoresca profana: *negó-o* (292.16), *guardó-o* (484.11), *mandó-o* (700.15), *filhó-o* (1492.5), *leixó-o* (1509.17), *desseinó-o* (1579.r1), *enlinhó-o* (1579.r2).

Tamén as formas *tercer* 'terceiro' (575.7, 356.1, 1370.6, 1398.7, 1427.4, 1587.12) e *Suer* 'Sueiro ~ Soeiro' (1624.1) aparecen relacionadas coa evolución redutora dalgúns ditongos, neste caso por razóns fonotácticas en posición proclítica, após o proceso de apócope da vogal final.

5 A variante *ouir* é moi frecuente na *Demanda do Santo Graal* e está tamén presente noutros moitos textos (véx. CIPM, s. v. *ouir* etc.). E formas como *louar* (<LAUDARE), paso anterior a *loar* e *louvar*, poden acharse en textos galegos (por exemplo, na *Crónica xeral galega*, véx. RILG, s. v. *louar*) e tamén na produción portuguesa, como mostra a súa aparición en diversos glosarios (véx., por exemplo, Maler 1964: s. v. *louar*, *luar*).

6 Non incluímos exemplos dos *Foros de Castelo Rodrigo*, onde este tipo de formas é especialmente frecuente. Por outra parte, o número total de testemuños aumenta se incluímos aquelas que presentan grafía <v> (*ove*, *overa*, *ovese*, *over*), moi probablemente por intervención gráfica do editor correspondente. Tamén no CIPM se localiza algunha forma coa grafía <v> (*over*, *overom*) en textos prosísticos de carácter cronístico ou doutrinario.

e non enbargante, que moitas bezes las reçeberon él e seus antecesores e *oueran* sobre elo cartas descomuyón (doc. 1505).

e que mandauan a Johán Gonçales do Canto, prelado da Trindade, que os *ouese* e tomase pera o dito señor obispo de aqueles mrs que Sueyro Ans de Parada deuya ao dito cabído (doc. 1365).

As formas do futuro de subxuntivo, en xeral tamén de textos temperáns, son moito máis frecuentes do que as restantes formas polo alto uso deste tempo verbal nos documentos notariais. Véxanse algunhas ocorrencias:

(3) e dar en luitosa dar XVIII solidos cada ome quando morrer, e si non dar I boi, el melor que *ouer*, a prazer da muler, la escoleita da muler (doc. 1244).

et se aquelle fettor per inquisicion non acharen in quen suspeto *oueren* per sy iuramento sōo faça e non seya hy torna (doc. 1250).

Se alguun omne mal se *ouer* contra omnes do Burgo e in a uilla quiser intrar, se força ou alguun mal comezar, todos seus uiçinos succurram a seu uiçino cum espada e cum lança (doc. 1250).

e quando o prior *ouer* minga deue a filar un armintio do lugar a uoso prazer [...] e se tu non podes amparar assi como el esta o lugar e asi como a nos conues, deues a nos aleyxar noso lugar, e po la pea de susodicta e tu aueres meadade do gaado e das outras cousas que *ouer* asi como de susodicto e (doc. 1274).

saluo aquelhe noffo celeyro cō la quintáa τ cō hũa arca τ cō hũa cuba τ .j.a vaca fe a *ouermof* a tēpo de noffa morte (doc. 1302).

aforamus a uos Steuo Fernandez de Decolada e a uosa moler Aldonça Martinz e os fillos que *ouerdes* anbos e os fillos que uos Steuo Fernandez auedes de Maria Eanes, que foy, todo o éérdamento que a o moesteyro de Ramyrães en aquele logar que chaman Osco de Sáás (doc. 1305).

E que restoiresses e refaçades os ditos casares e casas daquel adubeiro e restoyramento que *oueren* mester des oie este día ata hũu ano cunprido primeiro seginte (doc. 1396).

Formas similares son tamén documentadas en territorio portugués, con especial presenza en textos do s. XV, a teor dos datos subministrados polos bancos de datos existentes (véx. CIPM e CdP) e con documentación abondosa na prosa portuguesa impresa, conforme o *Dicionário dos Livros Antigos Impressos de Portugal*, onde se recollen as seguintes formas: *oue*, *ouerom*, *ouesse*, *ouesses*, *ouessem*, *ouermos*, *houerees* (Machado 2015: s. v. *haver*)<sup>7</sup>.

A situación destas variantes evolutivamente diverxentes nas cantigas profanas é ben diferente, pois ao longo dos cancioneiros só localizamos catro formas con ditongo no radical (*oui* ~ *oue*, *ouer*) que foron sistematicamente apagadas, con emendas de diverso tipo, por todos os editores dos textos en que se documentan:

<sup>7</sup> A modo de exemplo, no *Livro das Confissões* de Martín Pérez, tradución realizada en 1399, rexístranse formas como *houe*, *houeron*, *houera* ou *houessem* (véx. Perez 2012-2013: 113, 123, 132, 133).

(4) 10 / 111,5 OsoAn [B37], v. 18 <|ouer> B<sup>8</sup>:

Quen-quer x'esto pode veer,  
e máis quen mego vid'ouer,  
que non ei ja sén nen poder  
de m'emparar d'ũa molher,  
a máis mansa que nunca vi  
nen máis sen sanha, pois naci: / ...

372 / 3,7 AfFdZCob [B404/V15], v. 4: <|o ue> BV<sup>9</sup>:

Senhor fremosa, des quando vos vi  
sempr'eu punhei de me guardar que non  
soubessen qual coita no coraçõn  
por vós sempr'oue, pois Deus quer assi,  
que sábian todos o mui grand'amor  
e a gran coita que levo, senhor,  
por vós des quando vos primeiro vi.

635 / 30,30 EstGuar [B620/V221], v. 8 <|ouy> BV<sup>10</sup>:

Veend'eu ben que do mui grand'amor,  
que lh'eu sempr'oui, tomava pesar,  
ia por end'a morte desejar.

1412 / 60,7 GonEaVinh [V1002], v. 2 <|oui> V<sup>11</sup>:

Non levava nen dinheiro  
ogan'e u oui passar  
per Campos e quix pousar  
en casa d'un cavaleiro  
que se ten por infa[n]çõn.

Para alén destes casos, con atestación unánime, existen dous contextos que presentan dupla forma *ouesse* / *ouvesse* segundo o cancionero, xa que achamos diverxencia entre B e V, talvez explicábel por lapso de copia no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*<sup>12</sup>:

(5) 534 / 25,71 Den [B517b/V120], v. 4: per poder que eu *ouvesse* [<ouesse> B, <ouefse> V]  
689 / 75,2 JPrzAv [B674/V276], v. 19: E, se outr'*ouvesse*, mentir-m'-ia [<|oueffe> B, <|ouuefse> V]

Os restantes testemuños da evolución diverxente das formas de pretérito de *aver* presentan sempre monotongación no radical, ausentes, como xa vimos, nos textos en prosa, representando, por tanto, o derradeiro paso evolutivo a partir da raíz *ou-*, que tampouco triunfou na lingua moderna nin tivo uso fóra dos textos poéticos. Neste conxunto de

8 Cf. *ou[v]er* en Michaëlis (1990: 646) e Marcenaro (2012: 70); *over* en Cohen (2010: 19); polo contrario, a forma *ouer* é conservada na edición de Miranda (2004: 150), como “possibilidade que não deve ser anulada pela edição” (p. 151).

9 Cf. *ou[v]'*, e *pois* en Nunes (1972: 14) e Marroni (1968: 73).

10 Cf. *ouvy* en Nunes (1972: 224), *ou[v]y* en Pagani (1971: 81).

11 Cf. *ogan' u ôuvi passar* en Lapa (1970: 264), *ogan'*, *u houvi passar* en Lopes (2002: 173), *ogano hu o[u]vi passar* en Vñez Sánchez (2004: 216).

12 Véxase *ouver* en 1605 / 116,16 PAmigo [B1595/V1127], v. 10), onde fronte á lección <|ouer> de V se percibe a corrección <|ou\u/er> en B.



documentacións, existe un grupo de formas que foron transmitidas por cantigas que só aparecen copiadas no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*, parcialmente respectadas nas edicións de referencia<sup>13</sup>:

(6) 11 / 111,7 OsoAn [B38], v. 27 <oer> B:

Cada que me lh'eu assanhar,  
a meu osm', e lhi mal disser,  
se mi-o logo a tolher *oer*  
mia vezinha e mi-o sussacar,  
mao vezinho per-sera.

23 / 149,2 RuiGmz [B49], v. 32 <oer> B:

ca mentr'eu vosso desamor *oer*,  
com'oj'eu ei, m[ia senh]or, [e] tever  
vosco tan mal mia fazenda, com'eu  
tenho convosco, non [me sera] greu  
de morrer, ...

29 / 47,5 FerRdzCalh [B55], v. 19 <oer> B:

que, pois eu esto feito *oer*,  
aquela ren nunca sera  
que a min grave seja ja.

38 / 47,26 FerRdzCalh [B64], v. 9 <oer> B:

Sempr'eu a Deus por mia morte roguei  
gran sazón e máis nunca o farei  
mentr'*oer* esta senhor que oj'ei.

45 / 47,28 FerRdzCalh [B71], v. 8 <oera> B:

E que me val quand'eu i non tornei?  
U lhi conven, *oera* de tornar.

46 / 126,4 PGarAm [B73], v. 23: <oer> B<sup>14</sup>:

ca mui maior coita averei,  
senhor: quand'eu de vós *oer*  
desamor voss'e [o] tever,  
este juguete cerr[ar]ei / convosc'...

96 / 78,20 JSrzSom [A30/B123], v. 8 <ø> A, <oer> B<sup>15</sup>:

E, pois que lh'esto feit'*oer*,  
outro consello á i d'aver: / ...

13 Existe tamén unha errada lección en B que eventualmente podería indicar vacilación do copista entre *ouvesse* e *oesse*: 103 / 104,11 NuEaCer [B130], v. 21: *ca pois eu cuid'en qual ben averia / se eu ouvess'o* [ouuoello B] *voss'amor*.

14 Cf. *for'* en Michaëlis (1990: 703-705), que refai o texto: Ca mui mayor coit(a) averei / senhor, [*des quand(o) eu de vos for' / e tever' vosso desamor*]. / Este juguete cert[ar]ei: / convosco e vosso serei, / ... Pola súa parte, Alvar (1986: 49) mantén a lección correcta do verbo.

15 Cf. *ouver'* en Michaëlis (1990: 64).

107 / 104,10 NuEaCer [B134], v. 18 <oer> B:  
ca non avedes parecer  
tal que muito possa viver  
quen vos *oer* a desejar.

Un segundo grupo de cantigas presenta as formas do tipo *oer* transmitidas unánimemente polos dous apógrafos italianos:

(7) 561 / 25,15 Den [B544/V147], v. 6 <oer> BV<sup>16</sup>:  
e ben o pod'acabar,  
pois end'o poder *oer*.

725 / 60,2 GoEaVinh [B710/V311], v. 26 <oer> B, <oej> V:  
Mais, pois que el todo aquesto fezer,  
farei eu por vós quanto fazer *oer*,  
mais ante por ren non lhi perdoarei.

759 / 70,44 JGarGuilh [B743/V345], v. 15 <|oer> BV:  
mais, poi-la dona seu amig' *oer*  
(e con el pode no mundo viver),  
*aqueste mundo [x'est'a melhor ren  
das que Deus fez a quen El i faz ben]*.

1064 / 22,4 BernBon [B1062/V653], v. 13 <oer> BV:  
... e, pois eu *oer*  
por mia senhor mort'a prender  
Deus, meu Senhor, se lhi prouguer,  
mi-a leix'ant'ũa vez veer

Por outra banda, un grupo importante de textos transmitidos por A e BV, presenta a forma moderna no *Cancioneiro da Ajuda* fronte á forma diverxente nos apógrafos italianos, de modo que todos os editores deron preferencia á lección de A, tanto por achegar a forma máis común na lingua como por ser, en xeral, a fonte con maior fiabilidade ecdótica:

(8) 64 / 151,6 VaFdzSend [A1/B91], v. 4 <ouuer> A, <oer> B:  
ca, mentr'eu tal poder *ouuer*  
de viver, nunca perderei  
esta coita que oj'eu ei  
d'amor eno meu coraçon.

65 / 151,25 VaFdzSend [A2/B92], v. 22 <ouuer> A, <oer> B:  
nulha cousa non me pode guardar  
d'aquesta cuita, que levo, levar  
se eu de vós algun ben non *ouuer*.

---

16 Cf. *ouuer* en Lang (1972: 57).

66 / 151,26 VaFdZSend [A3/B93], v. 15 <ouueffe> A, <oeffl> B:

ca de pran, se m'end'ouvesse a quitar  
nulha cousa sen morte, mia senhor,  
quitar-m'end'-ia o mui gran sabor  
que vos vejo aver de m'alongar  
de vós mui máis ca outr'ome por én.

68 / 159,9 VaFdZSend [A5/B95], v. 11 <ouuer> A, <|oer> B:

E, se ést'om'a que Deus quer  
per algũa ventura dar  
dela algun ben, log'a cuidar  
dev'esto (se scient'ouuer).

81 / 78,6 JSrZSom [A15/B108], v. 18 <ouuer> A, <oer> B:

e, pois eu a morrer ouuer,  
toda via penhor querrei  
filhar por mí, e tolher-lh'-ei  
est'ome por que me mal quer.

141 / 97,17 MartSrZ [A54/B166], v. 6 <ouuer> A, <oer> B:

ca vós devedes a valer  
a tod'ome que coita ouuer.

363 / 6,10 AfLpZBai [A224/B395/V5], v. 16 <ouuer> A, <oer> BV:

tan grave dia vos eu vi  
se de vós grado non ouuer.

Así pois, conforme os datos tirados do levantamento exhaustivo destas variantes nos cancioneiros, para alén da relativa concentración das formas do tipo *oer* nos primeiros trobadores, tal como xa foi sinalado por Monteagudo (2008: 370-377; 2015b: 479-480), debe ser posta en relevo a súa ausencia no *Cancioneiro da Ajuda*, precisamente a copia contemporánea do movemento trobadoresco.

Sen dúbida, esta mostra de 'modernización' e 'nivelación' que revela A deberá ser considerada xunto con outros trazos que, nalgúns aspectos, apuntan a unha maior 'modernidade' lingüística deste códice: o uso xeral das formas pronominais do tipo *me* (vs. *mi* nos apógrafos italianos), o tratamento dalgúns encontros vocálicos, coa preferencia polas variantes do tipo *sera* e *seria* fronte a *seera* e *seeria* (máis frecuentes en BV), a presenza das formas evoluídas *cuíta* e *cuítar* en A fronte ás xerais *coita*, *coítar* en BV, ou formas do tipo *sirvo* fronte a *sérvio* (véx. 887.11).

Porén, existe un contexto en que talvez se poida confirmar a existencia dunha forma *oui* no *Cancioneiro da Ajuda*, precisamente nunha pasaxe en que B achega *ouve*, ao contrario do que acontece normalmente, pois no v. 23 da cantiga 130 / 97,23 MartSrZ [A43/B155], con texto unánime *que lhe falei, pero m'ouv'én sabor* en todos os editores (Michaëlis 1990 [1904]: 93-94; Bertolucci Pizzorusso 1992 [1963]: 75-76), déuselle prioridade á lección <mouuẽ> de B, esquecendo o <moui en> de A, que permite fixar o verso do seguinte xeito (en liña coas formas *oue* ~ *oui* e *ouer* das cantigas 372, 635 e 1412, xa vistas *supra*): *que lhe falei, pero m'oui én sabor*.

En calquera caso, tamén debe ser ponderado o feito de nas *Cantigas de Santa Maria* se detectaren formas similares (sempre no manuscrito E), que na edición de Mettmann (CSM) foron desconsideradas a prol das variantes doutros manuscritos coa reintegración da consoante fricativa: *ouer* 'a (63r), *oue* (64.89, 85.62), *ouera* (73.41, 369.118) etc.

## 2. A P1 DE PRETÉRITO DOS VERBOS FAZER, PŔER, QUERER (E MĀER)

No conxunto de pretéritos fortes existentes na lingua medieval, existe un grupo deles (fundamentalmente *fazer, pŕer, querer –e mĀer–*)<sup>17</sup> cuxa raíz, após un primeiro proceso evolutivo, acababa en /s/ (*pŕer, querer, mĀer*) ou /dz/ (*fazer*) e que presentaron, xa desde o inicio, diversas posibilidades evolutivas, con diferente presenza na lingua antiga, conforme a evolución do -Ī longo final latino da P1 (< POSUĪ<sup>18</sup>, \*QUESĪ, FĒCĪ) e da súa eventual acción palatalizadora.

Basicamente, as tres posíbeis solucións foron as seguintes:

- a) desaparición de -Ī longo final tras /s/ ou /dz/, após inflexión metafónica na vogal radical: *fiz, pus, quis*.
- b) palatalización da sibilante final (/s/ ou /dz/) pola acción e manutención do -Ī longo final, que converte estas formas en bisilábicas: *fige, puge, quige*.
- c) manutención da vogal final (-Ī > /e/), sen palatalización consonántica: *fize, puse, quise*.

Estes tres resultados, con variacións de diverso tipo e condición, están presentes, en maior ou menor medida, conforme cada verbo, na produción medieval galego-portuguesa, e teñen o seu inevitábel reflexo na lingua das cantigas, onde a súa presenza é certamente importante no que di respecto ás consecuencias que a selección dunha ou doutra forma ten na contaxe métrica e na consecución da canónica isometría trobadoresca.

## O VERBO PŔER ~ POER: PUS ~ PUGE ~ PUSE

A forma POSUI, presenta unha evolución “regular” *pus* con perda de -Ī longo final após a desaparición do wau (fronte á posibilidade de metátese, tal como acontece, por exemplo, cos verbos *haver, jazer, prazer, saber* ou *trager*: HABUI, IACUI, PLACUI, SAPUI, \*TRAXUI > *houve, jouve ~ jougue, prougue ~ prouve, soube, trouxe*) e influencia metafónica regular na vogal radical, que provoca a alternancia /u/:/o/ entre P1 e P3 nos verbos con /o/ no radical (cf. *pude* vs. *pôde* e, mesmo, *fui* vs. *foi*; considérese tamén *crive* vs. *creve, estive* vs. *esteve, fiz* vs. *fez, sive* vs. *seve, tive* vs. *teve* etc.).

17 Aínda poderíamos incluír outros, como *prender* e os seus derivados (*pris ~ prix, prige...*). Véx. *infra*. O verbo *dizer* (DIXI > *dixe* vs. DIXIT > *disse*) non levanta problemas importantes de variación inicial, para alén dos resultados analóxicos modernos tanto en galego (*dixen–dixo*) como en portugués (*disse*).

18 A desaparición do wau pode producirse nesta posición e nalgunhas destas formas verbais. Cf. POTUI > *pude* (á par dos resultados *puide* e *poide*, minoritarios na lingua medieval).

Ora ben, esta regularidade evolutiva coa solución *pus* é certamente minoritaria tanto nos textos prosísticos escritos no norte galaico como no sur lusitano, pois no TMILG só se rexistran sesenta ocorrencias de *pus*, concentradas no período 1250-1350 (a primeira en 1257, e a última de 1489). No territorio portugués, tamén achamos *pus* moi esporadicamente en textos notariais (véx. CIPM, s. v. *pus*) e, en menor medida aínda, na restante produción literaria ou doutrinal; concretamente, na base de datos CdP (s. v. *pus*) desta forma só aparecen cinco ocorrencias nos *Euangelhos e epistolas con suas exposições en romãce* de Gonçalo Garcia de Santa Maria (1479), catro no *Leal Conselheiro* de Don Duarte, catro no *Livro dos Ofícios* de Marco Tulio Ciceram (1430), e unha única atestación na *Demanda do Santo Graal*, na *Crónica de Don Fernando* (1431-1443) e na *Crónica de Portugal* de 1419. A estas ocorrencias podemos acrecentar tres máis recollidas no CIPM (s. v. *pus*) en cadansúa obra: *Crónica de D. Joam I* de Fernam Lopez (1443), *Livro das Tres Vertudes* (1430-1455), *Sacramental* (1488).

En directa relación con *pus*, cunha palatalización da consoante final inducida por *puge*, debemos pór o *pux* detectado nun documento de 1286 de Trás-os-Montes (véx. CIPM, s. v. *pux*), que ten o seu correlato na Galiza con seis rexistros desta mesma forma, exclusivos do notario Ruy Perez, en terra de Chantada e de Asma, entre 1276 e 1279 (véx. TMILG, s. v. *pux*).

Na prosa escrita en Galiza e Portugal tamén se rexistra a forma *puse*, con variantes gráfico-fonéticas, aínda que a súa aparición é escasa tanto en textos galegos (véx. TMILG, s. v. *puse*, *pusi*, *pusse*, *pussi*, *pufe*), como portugueses (véx. CIPM e CdP, s. v. *puse*, *pusi*, *pusse*, *pufe*, *pusy*).

En fronte, temos a forma palatalizada con 1.270 ocorrencias en textos galegos, con leves variantes gráfico-fonéticas e con predominio de *puge*<sup>19</sup>. Do mesmo xeito, *puge* e as súas variantes é relativamente frecuente na prosa tabeliónica portuguesa (*puge*, *pugi*, *pugj*, *pugy*, *puye*...), aínda que escasa na prosa literaria e/ou doutrinal, pois os datos subministrados por CIPM e CdP só indican mínima presenza das formas palatalizadas na tradución da *Terceira Partida* afonsina (cinco ocorrencias) e mais tres rexistros na *Crónica da Ordem dos Fraires Menores*, xunto con unha ocorrencia noutras obras: *Orto do Esposo*, *Bosco Deleitoso*, *Crónica de Don Fernando* de Fernam Lopez.

A aparición dos resultados de POSUI na lírica trobadoresca responde *grosso modo* aos parámetros detectados na produción prosística medieval galego-portuguesa, pois non se rexistra a forma *puse* e unicamente aparece un rexistro da forma monosilábica, con palatalización final (cf. tamén *fix* ou *quix*) nunha cantiga de Estevan Fernandiz d'Elvas (631 / 33,1 [B615bis/V217], v. 4): *mui fremosa e pux no coraçõn*.

Porén, a forma palatalizada *puge* ou *pugi* revélase como a forma maioritaria, tal como acontece tamén nos textos prosísticos:

---

19 Véx. TMILG, s. v. *puge* (942 ocorrencias, con unha forma contracta), *puge* (136), *pugi* (124), *pugy* (28), *puxe* (12), *pugj* (10), *pugue* (10), *puxi* (5) e *puxy* (3).

- (9) 302 / 147,19 RoiPaezRib [A191/B342], v. 7: Quant'eu *puge* [<pugi> B] no coraçõ  
678 / 11,10 AiCarp [B663/V265], v. 1: Por fazer romaria *pug*'en meu coraçõ  
700 / 79,5 JSrzCoe [B685/V287], v. 3: ca *pug*'antre mia madr'amor  
700 / 79,5 JSrzCoe [B685/V287], v. 18: ca *pugi* ja assi o preito  
855 / 73,8 JMenBri [B859/V445], v. 9: que sempr'eu *pugi* no meu coraçõ  
1529 / 43,6 FerGarEsg [B1510], v. 3: eu *pug*'a mão en el, e caente

### O VERBO QUERER: QUIS, QUIGE, QUISE

O pretérito do verbo *querer* é o único que, tendo a possibilidade de forma monosilábica na P1, mostra unha singular homofonía e homografía entre a P1 e a P3 (\*QUĒSĪ, \*QUĒSĪT > *quis*), de modo similar ao que inicialmente acontecía con outros verbos irregulares de pretérito forte en que non era posíbel o influxo metafónico de -Ī final na P1: *cabere*, *habere*, *sabere*, *trahere*...

Esta forma *quis*, que finalmente se consolidou no portugués moderno, revélase escasa na produción prosística por canto o discurso en primeira persoa, fóra da lírica, é inusual<sup>20</sup>. Neste sentido, subliñamos que nos textos en prosa xerados na Galiza só achamos catro ocorrencias (véx. TMILG, s. v. *quis*):

- (10) Et eu, quando uj que elles, cõ medo da morte, erã tam mallamente contra tj et ffaziã o  
peor, nũca *quis* sua cõpana nẽ seu amor, et fiquey soo et desenparado (*Crónica xeral  
galega*).  
Madre, sabes tu que Esau, meu yrmão he veloso et eu nõ, mays som lem, et se meu padre  
me apalpar et souber que sóom eu, medo ey que coyde queo *quis* [excarnesçer], et em  
lugar de bençidõ ey medo que me maldiga (*Geeral Estoria*).  
et vos, Ventus, et estrelas, et todos los dioses da noyte, seede agora comygo en myña ajuda  
que fige o que *quis* fize tornar os rrios a suas fontes maravillosa mente de cabo as rribeyras  
(*Historia Troiana*).  
Et quanto d'este feyto *quis* saber, de todo me foy dada rresposta (*Historia Troiana*).

Polo contrario, na lírica profana aparece con frecuencia a P1 pola relativamente alta frecuencia dun *eu* lírico que emite o discurso en primeira persoa. Neste sentido, localizamos dezaseis ocorrencias da forma *quis*, que debemos incrementar con outras catorce en que presenta a forma *quix*, paralela a *pux* (véx. *supra*) e a *fix* (para alén de formas do tipo *trax* ou, sobre todo, *prix*), que tamén se rexistra como forma monosilábica exclusiva nas *Cantigas de Santa Maria* (véx. CSM, s. v. *querer*)<sup>21</sup>.

Máis rara aínda como P1 é a forma *quise* (só unha ocorrencia no TMILG), con presenza da vogal final herdada do -Ī final latino, quer por conservación, quer por

20 Polo contrario, na prosa notarial as formas *fiz* ~ *fige* e *pus* ~ *puge* son especialmente frecuentes polas repetidas fórmulas tabeliónicas do tipo *fiz* / *pus* i meu sinal, *fiz* *escribir* etc., con todo tipo de variacións lingüístico-estilísticas.

21 No TMILG tamén se recollen dúas ocorrencias de *quis* como P1 nos textos da tardía lírica galego-castelá: *non quis delas aver cura / por fogir de fealdade, / e fui ver con omildade / mui garrida catadura; enton quis, e ela quisso, / que fuese seu servidor*.

contaminación doutras formas máis frecuentes, como *puse* ou *fize*, quer por paralelismo cunha forma analóxica *quiso* de P3:

- (11) os quaes eu soya leuar et posuyr et outros por min os quaes *quise* que fosen aneyxados perpetuamente aa dita sua mesa capitular por çertas cousas et con cordia que entreles et min pasaron (doc. de 1456).

Ora ben, igualmente que o verbo *poer*, tamén *querer* presenta desde moi cedo unha variante bisilábica con palatalización. Con todo, os bancos de datos existentes recollen escasas mostras desta variante *quige* (ou *quigi*), tamén polo feito de a P1 aparecer raramente tanto na prosa documental como na literaria, como xa foi exposto. Deste xeito, no TMILG só se rexistran catorce ocorrencias de *quige* ~ *quigi* (unha delas nas CSM 125.119), con diversas grafías<sup>22</sup>; o mesmo acontece na prosa xerada territorialmente en Portugal, onde só localizamos no CIPM dúas atestacións de *quige* na *Crónica Geral de Espanha de 1344* e unha atestación na *Crónica de D. Joam I* de Fernam Lopez.

Porén, a teor dos datos anteriores na produción prosística, resulta significativa a frecuencia das formas bisilábicas, con palatalización, nas cantigas trobadorescas, pois é a forma altamente utilizada (con quince ocorrencias unánimes e unha outra diverxente, número paralelo ás dezaseis ocorrencias de *quis* e ás catorce de *quix*):

- (12) 79 / 78,25 JSrzSom [B106], v. 1: Ûa donzela *quig*'eu mui gran ben  
197 / 125,17 PGarBu [A104/B212], v. 13: en todo ben: non a *quige* [<q'gi> B] dizer  
226 / 43,10 FerGarEsg [A126/B241], r2: *senhor, que sempre ben quige* [<quigi> B]  
250 / 148,15 RoiQuei [B265], v. 7: E, porque non *quig*'eu [<quheu> B] con el falar  
336 / 131,9 PMaf [B374], v. 16: porque me *quigi* teer à verdade  
453 / 18,1 Alf X [B458], v. 4: e *quige* jurar que era mostea  
453 / 18,1 Alf X [B458], r2: e *quige jurar que era mostea*  
542 / 25,85 Den [B525a/V128], v. 15: vos *quigi* a todo meu poder  
558 / 25,97 Den [B541/V144], v. 3: que vos *quig*'e quer'e por én  
722 / 60,10 GoEaVinh [B707/V308], v. 6: nen *quig*'amig'en [<quij> B, <quir> V] tal  
razon aver  
901 / 143,8 RoiFdz [A309/B901/V486], v. 21: ca eu, que o *quige* [<q'gi> BB'V] fazer  
904 / 143,7 RoiFdz [B904/V489], v. 5: que a que ben *quigi* ben quisesse!  
1335 / 30,13 EstGuar [B1318/V923], v. 1: Do que eu *quigi*, per sabedoria  
1591 / 2,24 AfEaCot [B1581/V1113], v. 4: non lho *quig*'eu per nulha ren  
1597 / 2,9 AfEaCot [B1587/V1119], v. 23: des que fui nado, *quig*'eu sempre mal

A estas ocorrencias debe ser acrescentado aínda máis un rexistro de *quige* en que se percibe unha diferente tendencia en A e B, pois no apógrafo italiano evítase a forma palatalizada cunha redacción acomodada metricamente á variante *quis*: 179 / 125,40 PGarBu [A89/B193], v. 13: *sempre lhe quige* [<lhi q's muj> B] *melhor toda via*.

<sup>22</sup> Coas seguintes variantes: *quige* (8), *quigi* (3), *quie* (1), *quigy* (1), *quiji* (1).

### O VERBO FAZER: FIZ, FIGE, FIZE

A africada sonora final da evolución regular de FĒCĪ > *fiz* pode tamén, como nos casos anteriores, ser palatalizada (*fige* ~ *figi*) ou manter, sen influxo palatalizador, a vogal final *-e* como descendente de *-Ī* final latino (*fize*).

No relativo á produción prosística, os datos de que dispomos indican unha maior presenza e relevancia da forma inicial *fiz*, pois en todos os bancos de datos é predominante esta variante tanto no TMILG (s. v. *fiz*, *ffiz*, *fis*, *ffis*, *fīσ*), con 955 aparicións, como no CIPM e no CdP, onde mostra unha esmagadora preeminencia. E a estes rexistros aínda se debe acrecentar a forma monosilábica con palatalización final (*fix*), atestada en 18 ocasións no TMILG en documentos notariais, embora ausente nas bases de datos portuguesas.

Canto á presenza de *fize*, é relativamente frecuente nos textos galegos, con 60 ocorrencias (véx. TMILG, s. v. *fize*, *ffize*), e só unha decena de exemplos en textos portugueses do s. XV (véx. CdP, s. v. *fize*).

No que di respecto á forma palatalizada, bisilábica, debemos constatar o relativamente alto uso na prosa galega, especialmente na tabeliónica, pois chegamos aos 365 rexistros baixo grafías moi diversas (véx. TMILG, s. v. *fige*, *figi*, *fije*...) <sup>23</sup>. Diferentemente do que ocorre na Galiza, en Portugal só achamos escasos exemplos de *fige* en obras como *Crónica da Ordem dos Fraires Menores*, *Crónica Geral de 1344*, *Barlaam e Josaphat*, *Orto do Esposo* ou nalgunha crónica de Fernam Lopez (véx. CIPM, CdP).

Por súa parte, na lírica trobadoresca é tamén moi importante a utilización da forma *fiz*, que alcanza os 140 rexistros (véx. GLOSSA, s. v. *fazer*) <sup>24</sup>. Porén é de sinalar a presenza de dúas ocorrencias de *fize*, con variante palatalizada nunha delas por parte do Colocci-Brancuti:

- (13) 95 / 78,3 JSrzSom [A29/B122], v. 13: que lhe nunca *fize* [<figi> B] pesar  
973 / 2,2 AfEaCot [B971/V558], v. 10: a guisa *fize* de pastor

E en coherencia coa importante presenza da forma bisilábica no período medieval, aínda que concentrada nos textos elaborados no territorio galego, a lírica trobadoresca profana presenta unha ducia de ocorrencias en diversos trobadores e xéneros, onde debe ser subliñada a preferencia de B pola forma monosilábica convencional na cantiga 169 (co conseguinte erro métrico):

- (14) 28 / 47,29 FerRdzCalh [B54], v. 12: E vejo que *figi* meu mal  
44 / 47,14 FerRdzCalh [B70], v. 14: *fig'*este atreviment'atal  
89 / 78,23 JSrzSom [A23/B116], v. 15: que lh'eu *fige* [<figi> B], senon cuidar  
169 / 106,14 NuFdztor [A80/B183a], v. 7: Pero nunca lh'eu *fige* [<fiz> B] ren

23 Eis as formas e o número de ocorrencias: *fige* (320), *figi* (13), *fije* (12), *figj* (4), *figy* (4), *fixe* (4), *figui* (2), *fii(e)* (2), *fixi* (1), *fixy* (1), *figem* (1), *figen* (1).

24 A diferenza do que ocorre con *pux* e *quix*, de presenza firme nos textos trobadorescos, como xa vimos, a variante *fix* só aparece como lectura alternativa de B fronte a V en 1031 / 63,13 JAi [B1027/V617], v. 15, e mais como variante de V fronte a AB en 361 / 127,10 PGmzBarr [A222/B392/V2], v. 3.



321 / 40,8 FeFdzCog [B361], v. 15: ca ‘ssi *fig*’eu, des que vos fui veer;  
1022 / 63,57 JAi [B1018/V608], r2: ca ‘ssi *fig*’eu, quando s’el foi d’aquen.  
1030 / 63,61 JAi [B1026/V616], v. 2: meu amigo, *figi*-o eu por ben  
1031 / 63,13 JAi [B1027/V617], v. 2: rogar d’un preit’e non vos *fig*’én ren  
1120 / 122,5 PBard [B1118/V709], v. 4: fazer *fig*’eu e nunca lh’[er] errei  
1232 / 116,22 PAmigo [B1216/V821], v. 9: e ouv’eu art’e *figi*-lhe fazer  
1345 / 68,1 JFdzArd [B1328/V934], v. 3: ca muit’á ja que non *fig*’i [<fighy> B, <figho> V] mia prol  
1420 / 75,10 JPrzAv/88,9 [V1010], v. 13: e *figi*-os [<figuis> V] eu vençudos ficar

### OUTROS VERBOS CON VARIACIÓN SIMILAR NA P1 DO PRETÉRITO DE INDICATIVO

Para alén dos tres verbos estudados, é de interese pór en relevo a aparición da forma palatalizada de P1 do pretérito de *maer* (*mage* ou *maje*) nun único contexto trobadoresco: 1458 / 147,8 RoiPaezRib [B1439/V1049], v. 7: *U eu maj’aquesta noite ouvi gran cêa*.

Certamente, este verbo foi de circulación moi restrita, pois só encontramos quince ocorrencias na lírica (véx. GLOSSA, s. v. *maer*, con dous rexistros de formas de pretérito: *masestes*, *masesse*). Para alén destas atestacións, fóra dos textos poéticos profanos no TMILG só aparecen sete formas de pretérito de *māer*: *maso* –dúas ocorrencias– e *maserō* nos *Miragres de Santiago*, xunto con dúas atestacións de *maseron* nas *Cantigas de Santa Maria*. As restantes documentacións proceden na súa maioría das cantigas relixiosas –*māer* (CSM 345.24), *man* (CSM 66.24), *marrás* (CSM 245.87)–, xunto cunha única forma *marra* nun documento notarial de 1436:

- (15) Et he posto condiçõn que do dia que a dar feita e posta ena ágoa, que seja vista ata triinta dias primeiros sigentes por los ditos oficiãas se algua cousa en ela *marra*, pera que a rafaça e aposte

Por outra parte, o verbo *prender* tivo unha forma de pretérito analóxica no latín vulgar (PREHENDI → \*PRENSI), que desembocou en *pris* (vs. *prês* como P3), que non atestamos no corpus lírico profano máis do que con palatalización da consoante final (*prix*) en todos os casos: (74.13); *Macar m’el viu, sol non quis falar migo / e eu mi-o fiz, que non prix seu castigo* (641.6); *[E] eu mi-o fiz que non prix seu castigo, / mais que mi val ora quando o digo?* (641.9); *e dixi-lh’o gran torto que sempre dele prix* (1145.10); *Per pé de caval’escapei / que non prix i cajon* (1542.8). Porén, *prix* convive coa forma analóxica *prendi*, xa maioritaria no corpus profano<sup>25</sup>.

Finalmente, *aprender*, verbo derivado de *prender*, só presenta nas cantigas unha forma *apres* de P3 (*pois non apres nen un mester, / quen querra i o seu perder?*, 1655.10), a concorrer xa coa forma analóxica *aprendeu* (398.4, 1340.29, 1587.8, 1594.18), sen que se rexistre *apris* como P1, que só encontramos, nunha única ocasión, na *Demanda do Santo Graal*: *Eu apris tanto agora per que valrei más todolos dias de minha vida*.

<sup>25</sup> Ao contrario do que acontece coa P3, onde é maioritaria a forma *prês* fronte a *prende*.

### 3. A ADICIÓN DA DESINENCIA -O NA P3 MONOSILÁBICA DALGÚNS PRETÉRITOS FORTES (*FAZER, PÕER, QUERER*)

Como é sabido, a P3 dos pretéritos fortes presenta no galego moderno unha desinencia -o que inicialmente apareceu por razóns analóxicas coa P3 dos pretéritos fracos e se consolidou na Galiza a partir da Idade Media pola rendibilidade funcional que tiña na maioría dos verbos para diferenciar a primeira e a terceira persoa, homófonas en moitos deles (*caber: coube; haver: houve; jazer: jouve; prazer: prougue; saber: soube; trager: trouxe*). Polo contrario, no portugués mantense a situación inicial medieval, con desinencia  $\emptyset$  ou -e na P3 destes pretéritos fortes.

No galego-portugués, pois, existía este recurso morfolóxico, que foi utilizado polos trobadores cunha obvia funcionalidade métrica nos verbos *fazer, pōer* e *querer*, por canto esa desinencia (coa variante -e<sup>26</sup>) posibilitaba a existencia de formas bisilábicas que concorrián coas xerais *fez, pôs* e *quis: fezo ~ feze vs. fez, poso ~ pose vs. pôs, quiso ~ quise vs. quis*.

Con todo, os rexistros recollidos nos bancos de datos existentes mostran que a distribución xeográfica das formas uni- e bisilábicas da P3 destes verbos é diferente, cunha notábel escaseza das formas analóxicas nos textos prosísticos correspondentes ao territorio portugués. Deste xeito, resulta verdadeiramente significativo que, a partir de CIPM e CdP, en Portugal só aparezan seis *fezo* (na *Crónica da Ordem dos Fraires Menores*), e só algunhas ocorrencias máis de *feze*: tres en Fernam Lopez, dúas na *Demanda do Santo Graal* e no *Orto do Esposo*, e unha na *Crónica da Ordem dos Fraires Menores*. A respecto de *poso* é notábel a súa ausencia<sup>27</sup> e a escasísima presenza de *pose* (en xeral cando seguida de clítico). E no que diz respecto a *quiso*, tal forma é case inexistente (agás tres rexistros no *Sacramental*, véx. CIPM, s. v. *quiso, quisso*), aínda que achamos arredor de 25 ocorrencias da forma *quise* (véx. CdP, s. v. *quise, quisse*).

Polo contrario, o TMILG mostra como a desinencia -o na P3 destes verbos no territorio galego é absolutamente maioritaria na produción prosística, pois as formas *fezo ~ feze* triplican a variante *fez*, o mesmo que *poso ~ pose vs. pôs* e *quiso ~ quise vs. quis*, que aínda mostra maior desequilibrio na proporción<sup>28</sup>.

No entanto, na poesía relixiosa predominan as formas monosilábicas dos verbos considerados, a teor dos datos que fornece o TMILG para as *Cantigas de Santa Maria*,

26 Tamén de orixe analóxica, moi probabelmente a partir da desinencia da P3 de presente dos verbos da II e III conxugación.

27 Os numerosos *poso* que aparecen en CIPM e CdP corresponden sempre á variante gráfica da P1 do presente de *poder* (*posso*).

28 Velái os datos: fronte a aproximadamente 1.470 ocorrencias de *fezo*, xunto con 340 *feso*, 18 *ffezo* e 5 *feoo* e máis 5 *feze*, só achamos arredor de 390 aparicións de *fez* e máis 29 *fes*, 16 *ffez* e 1 *feσ*. Os datos para *quiso / quis* son igualmente reveladores, pois fronte a moi poucas ocorrencias de *quis* rexístranse 404 *quiso* e 1 *quifo* e máis 12 *quisso*, aos que se deben sumar aínda algúns máis de *quise*.

onde as formas bisilábicas constitúen o 20% en *fazer* e *querer*, mentres que aparecen en moita menor medida no verbo *pôer*<sup>29</sup>.

Na lírica profana, o índice de utilización de *fezo*, *poso* e *quiso* é máis baixo do que na lírica relixiosa, sobre todo se computamos unicamente aquelas aparicións en que existe unanimidade dos testemuños. Para alén de *poso* (forma cuantitativamente irrelevante, xa que só se atesta en 1350 / 47,1 FerRdzCalh [B1332/V939], v. 6: *filhou-s’ e poso Vela sobre si*), as variantes bisilábicas *fezo* e *quiso* rexístranse aproximadamente nunha proporción do 10% con relación ás formas monosilábicas, pois computamos, en conxunto, 64 formas *fezo* e *quiso* e mais 18 *feze* e *quise* (isto é, 82 aparicións das variantes bisilábicas) fronte a ca. 870 de ocorrencias de *fez* e *quis* (P3)<sup>30</sup>.

A maioría das ocorrencias das formas bisilábicas presentan unanimidade nos testemuños manuscritos e son confirmadas pola métrica versal. Eis as documentacións firmes e unánimes de *fezo* e *quiso*:

- (16) 58 / 151,10 VaFdZSend [B85], v. 4: qual coita Deus *fezo* maior  
99 / 78,5 JSrzSom [B126], v. 18: no mundo *quiso* fazer par  
102 / 104,7 NuEaCer [B129], v. 8: e nunca me *quiso* valer  
115 / 97,2 & 115,1 MartSrz/PaiSrzTav [B144], v. 28: nen quen te *fezo* jogar ne[n] segrer  
133 / 97,40 MartSrz [A46/B158], v. 11 e por meu mal me *fezo* [<fez<sup>o</sup>> B] Deus nacer  
173 / 125,35 PGarBu [A83/B187a], v. 6: *fezo* no mund’, ai lume destes meus  
177 / 125,2 PGarBu [A87/B191], v. 17: mais Deus, que mi-a *fezo* veer  
186 / 125,23 PGarBu [B200], v. 15: Aquesta dona *fezo* Deus nacer  
266 / 79,19 JSrzCoe? [A158], v. 12: ca me non *quiso* Deus leixar morrer  
269 / 79,20 JSrzCoe [A161], v. 17 nunca falei; mais *fezo*-a Deus qual  
270 / 79,42 JSrzCoe? [A162], v. 21: non perdi coita, ca non *quiso* Deus  
271 / 79,43 JSrzCoe [A163/B316], v. 14: de quantas donas Deus *quiso* fazer  
293 / 141,7 RoEaRed [B333], v. 4: de quantas cousas Deus *quiso* fazer  
297 / 147,13 RoiPaezRib [A186/B337], v. 2: que vos *fezo*, de quantas donas fez  
301 / 147,17 RoiPaezRib [A190/B341], v. 7: Pero que m’ela nunca *fezo* ben  
332 / 131,3 PMaf [B370], r1: a *fezo* Deus de muito ben senhor  
332 / 131,3 PMaf [B370], v. 15: mais por meu mal; e assi *quiso* Deus!  
374 / 9,7 Af Schz [B406/V17], v. 17: das que Deus *fezo*, ca non outro grado  
380 / 9,12 AfSchz [B412/V23], v. 18: Deus de lho dar, que lhi *fezo* ben i  
407 / 114,18 PaiGmzCha? [A247], v. 11: nunca Deus *quiso* dar a entender  
409 / 114,5 PaiGmzCha [A250], v. 6: *fezo*-m’el que amas[s]e tal senhor  
413 / 114,21 PaiGmzCha [A254], v. 15: vos *fezo* Nostro Senhor, e por al  
537 / 25,99 Den [B520b/V123], v. 8: Ca mia senhor *quiso* Deus fazer tal  
538 / 25,45 Den [B521b/V124], v. 20: máis de quantas *fezo* nacer  
632 / 33,2 EstFdZElv [B617/V218], v. 1: A mia senhor *fezo* Deus por meu mal  
649 / 151,22 VaFdZSend [B633/V235], v. 13: E ben assi mi-o *quiso* mia ventur’aguisar  
653 / 115,8 PaiSrzTav [B638/V239], v. 10: Melhor o *fezo*, ca o non disse:

29 Eis os datos numéricos das cantigas relixiosas conforme os datos do TMILG: *fez* (862) vs. *fezo* (133) e *feze* (29); *pôs* (58) vs. *poso* (3) e *pose* (9); *quis* (280) vs. *quiso* (43) e *quise* (5).

30 A que habería que acrescentar un número importante en que a acción editorial emenda leccións dos manuscritos por imperativos métricos.

734 / 101,10 MenRdzTen [B719/V320], v. 1: *Q[u]iso-m'oj'un cavaleiro dizer*  
734 / 101,10 MenRdzTen [B719/V320], v. 13: Falava mig'e *quiso-me falar*  
734 / 101,10 MenRdzTen [B719/V320], v. 9: e *quiso-me logo chamar "senhor"*  
775 / 70,23 JGarGuilh [B778/V361], v. 4: e ùa dona lho *quiso* filhar  
843 / 138,1 ReiGonç [B847/V433], v. 14: *mesura foi que mi-o fezo* fazer  
847 / 155,10 VaRdzCal [B851/V437], r1: *gradesc'a Deus que mi-o fezo veer*  
853 / 8,4 AfPaBra [B857/V443], v. 7: que me *fezo* tornar ond'eu ia.  
900 / 143,18 RoiFdz [A308/B900/V485], v. 4: de quantas Deus *quiso* fazer  
1083 / 121,6 PArm [B1080/V672], v. 15: e por meu mal mi-a *fezo* Deus veer  
1090 / 121,17 PArm [B1087-1088/V679], v. 2: quan muito ben vos *quiso* Deus fazer  
1090 / 121,17 PArm [B1087-1088/V679], v. 3: e quan fremosa vos *fezo* nacer  
1092 / 121,9 PArm [B1090/V681], v. 3: e grave dia me *fezo* veer  
1128 / 133,3 PMdzFon [B1125/V717], v. 7: ca ja i *fezo* todo seu poder.  
1157 / 77,12 JServ [B1143a/V746], v. 21: e non vos *quiso* veer  
1157 / 77,12 JServ [B1143a/V746], v. 3: e non vos *quiso* veer  
1158 / 77,7 JServ [B1144a/V747], v. 3: *quiso* mia madr', e, se m'ante non vir  
1310 / 38,1 FerEsq [B1294], v. 17: Pois m'ela nunca *quiso* fazer ben  
1553 / 25,127 Den [B1534], v. 16: e ja máis nunca *fezo* [<feço> B] ben  
1594 / 2,15 AfEaCot [B1584/V1116], v. 25: que xas *fezo* todas Nostro Senhor;  
1669 / 120,10 PPon [B1657/V1191], v. 11: Demo o *fezo* tan trebelhador  
1673 / 116,31 PAmigo [B1661/V1195], v. 9: de que nunca *quiso* sair

Como xa vimos, son menos as aparicións de *feze* e *quise*, que tenden a ser utilizadas cando seguidas dun clítico:

- (17) 167 / 106,1 NuFdzTor [A78/B181a], v. 5: E *feze-a* Deus parecer  
184 / 125,50 PGarBu [A94/B198], v. 16: que vos Deus *feze* máis valer  
260 / 152,16 VaGil [A152], v. 2: por aquel Deus que vos *feze* nacer  
264 / 152,8 VaGil [A156], v. 13: mais non os *quise* Deus quitar  
332 / 131,3 PMaf [B370], v. 2: *feze-a* Deus senhor de mui bon prez  
479 / 18,21 Alf X [B481/V64], v. 13: e Mari' Airas *feze-o* logo outro tal,  
484 / 18,13 Alf X [B486/V69], v. 21: *feze-o* poer alen Talaveira  
580 / 25,74 Den B563/V166], v. 13: *Feze-o* por encoberta  
991 / 120,42 PPon [B988/V576], v. 5: ante o *quise* destróir  
1087 / 121,4 PArm [B1084/V676], v. 8: *Feze-vos* Deus, e deu-vo-lo maior  
1398 / 125,45 PGarBu [B1380/V988], v. 6: *feze-s'el* en seus cantares morrer  
1593 / 2,13 AfEaCot [B1583/V1115], v. 9: e ar *feze-os* muito desejar

Porén, semellan significativos os datos que podemos extraer da variación arredor destas formas:

1. En primeiro lugar, constatamos dous casos de vacilación entre a desinencia -o e -e, con preferencia de B para a segunda opción:  
(18) 89 / 78,23 JSrzSom [A23/B116], v. 9: de que nunca *quiso* [<q'fe> B] pensar  
278 / 79,13 JSrzCoe [A171/B322], v. 11: e *fezo-lhe* [<feze> B] tan muito ben saber
2. Por outra parte, existen varios contextos en que algún dos manuscritos que transmite a cantiga presenta unha variante diverxente.

- a) o máis habitual é a aparición da forma monosilábica en contraste coa necesaria (por razóns métricas) forma bisilábica, pois a primeira provoca hipometría versal:

- (19) 175 / 125,38 PGarBu [A85/B189a], v. 6: aquesta *fezo* [<fez> A] desejar a mí  
 286 / 79,46 JSrzCoe [A179/B330], v. 2: que vos *fezo* [<fez> B] parecer e falar  
 309 / 147,12 RoiPaezRib [A198/B349], v. 10: tan muito vos *fezo* [<fez> B] de ben  
 310 / 72,2 JLpzUlh [A199/B350], v. 7: por ela, nunca m'er *quiso* [<quis> B] falar  
 420 / 50,6 FerVelh [A261/B438/V50], v. 9: pois s'El nunca de min *quiso* [<q's> BV] doer

Por dúas veces, a copia de A foi emendada polo revisor do *Cancioneiro da Ajuda*, indicando o erro do antígrafo, que mantén B:

- (20) 277 / 79,11 JSrzCoe [A170/B321], v. 17: ca Deus-la *fezo* [<fez{o}> A, <fez> B] qual  
 melhor fazer  
 430 / 23,1 BonGen [A265/B449], v. 28: que maior non *fezo* [<fez{o}> A, <fez> B] Nostro  
 Senhor

- b) en dúas ocasións tamén se atesta a aparición da forma *fezo* que convertería en hipermétrico o verso, cuxa medida correcta está asegurada polo testemuño concorrente:

- (21) 184 / 125,50 PGarBu [A94/B198], v. 6 en vós que *fez* [<fezo> B] Deus a melhor  
 858 / 73,6 JMenBri [B862/V448], v. 20: *fez-me* veer-vos e ar *fez* [<fezo> BV] log'i

3. Finalmente, localizamos catro contextos en que se percibe unha diferente factura do verso, cunha clara tendencia á refacción métrica en BV para evitar a forma bisilábica, quer coa introdución dun novo elemento (cantigas 175, 197 e 995), quer cun hiato a substituír unha crase (cantiga 404):

- (22) 175 / 125,38 PGarBu [A85/B189a], v. 2:

Qual dona Deus fez melhor parecer  
 e que *fezo* de quantas outras son  
 falar melhor e en melhor razon

Qual dona Deus fez melhor parecer  
 e que a *fez* de quantas outras son  
 falar melhor e en melhor razon

- 197 / 125,17 PGarBu [A104/B212], v. 30:

ca esta dona *me* tolheu poder  
 de rogar *Deus*, e *fezo-me* perder  
 pavor de morte que *ante* avia!

ca esta dona *mi* tolheu poder  
 de rogar *a Deus*, e *fez-mi* perder  
 pavor de morte que *ant'eu* avia!

- 404 / 81,16 JVqzTal [A243/B431/V43], v. 14:

E des que m'eu de vós quitei  
*fezo-me sempre* aver, de pran,  
 Nostro Senhor mui grand'afan

E des que m'eu de vós quitei  
*fez-me sempre* aver, de pran,  
 Nostro Senhor mui grand'afan

- 995 / 155,5 VaRdzCal [A298/B992/V580], r1:

e sei ja esto, se Deus me perdon:  
 que nunca Deus *gran* coita *quiso* dar  
 senon a quen El *fez* molher amar

e sei ja esto, se Deus me perdon:  
 que nunca Deus *mui gran* coita *quis* dar  
 senon a quen El *fez* molher amar

En calquera caso, a utilización das formas bisilábicas e a súa convivencia coas monosilábicas no seo dunha mesma composición explican o feito de que no proceso ecdótico de fixación textual das cantigas se recorra, por veces, ás formas *fez[o]* e *quis[o]* para restaurar a isometría versal. O feito de os propios cancioneiros mostraren tal concorrencia das diversas variantes xustifica esta acción editorial: véxase, a modo de proba, a coexistencia de *fez* e *fezo* nas cantigas 173, 175, 269, 278, 286, 297 etc.; de *fez* e *feze* nas cantigas 167, 184, 260, etc.; e de *fez*, *fezo* e *feze* por exemplo na cantiga 332 (*fez*, vv. 3, 8; *fezo*, r1; *feze*, v. 2). Máis aínda, nalgún caso resulta evidente o descoido dos copistas no proceso de copia e achamos a forma bisilábica correcta *fezo* na primeira aparición do refrán, fronte a *fez* nas restantes ocorrencias do refrán, tal como acontece na cantiga 847 / 155,10 VaRdzCal [B851/V437], r1: *gradesc'a Deus que mi-o fezo veer* (I) vs. *gradesc'a Deus que mi-o fez[o] veer* (II-III).

#### 4. CONCLUSIÓNS

No relativo á variación na raíz de pretérito do verbo *aver*, a variante *ou-* (*ouer* etc.) é escasa na poesía trobadoresca e conta cunha maior presenza na prosa, á inversa do que acontece coa variante monotongada (*oer* etc.), inexistente na prosa e relativamente presente nas cantigas profanas, desde os primeiros trobadores aos derradeiros.

As formas palatalizadas do tipo *fige*, *puge* e *quige* son moito máis frecuentes na prosa galega do que na portuguesa, onde predomina *fiz* e *quis*, igual que na lírica, onde, con todo, existe un nivel de utilización relativamente alto das formas bisilábicas palatalizadas, tal como corresponde á orixe e desenvolvemento da produción poética galego-portuguesa.

Canto á aparición da desinencia *-o* na P3 dos pretéritos fortes, case inexistente na prosa portuguesa e maioritaria nos textos producidos na Galiza, nas cantigas profanas, probabelmente pola súa funcionalidade métrica, ten unha presenza importante, aínda que menor do que nas *Cantigas de Santa Maria*.

Finalmente, debe ser salientada certa preferencia dos apógrafos italianos polas formas monosilábicas do tipo *fiz* e *fez* (vs. *fige* e *fezo*), que transparece a partir das variantes entre A vs. BV e das refaccións lingüístico-estilísticas que se perciben nalgúns casos en BV.

En calquera caso, non semella que exista relación entre a aparición dun ou doutro tipo de formas nun trobador e a súa orixe xeográfica (galego ou portugués), a súa cronoloxía ou a adscrición xenérica dos textos en cuestión.